

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, por medios dos seus integrantes **Yolanda Díaz Pérez, Eva Sola Fernández, Ramón Vázquez Díaz e Xabier Ron Fernández** ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa ao estado das instalacións do colexio de educación especial María Mariño dependente da consellaría de educación, e que forma parte das instalacións do CAPD de A Coruña dependente da consellaría de política social.

Exposición de motivos

Unha marca de fábrica das políticas da Xunta de Galicia, nas poutas do PP, é a desatención das persoas con máis dificultades. Deixalas ao albur da súa condición social. Se pertence a unha familia ben xa se van ocupar dela e se forma parte dunha familia traballadora aplicaráselle a expresión da deputada do PP de apelido Fabra.

Na cidade da Coruña, arrástrase hai tempo unha problemática no colexio de educación especial María Mariño que xa suscitou unha vaga de críticas por parte dos proxenitores, do profesorado, do persoal laboral e das organización sindicais; é dicir, por parte de toda a comunidade educativa e en relación co abandono e deterioro no que se atopa o centro o complexo e en particular o colexio.

Este centro educativo especial, que escolariza ao alumnado con diversidade funcional, ten problemas nas instalacións eléctricas, na súa fachada, nuns accesos (aínda hai poucos meses esborrallárase a rampa de acceso) inadecuados para as persoas que de moven en cadeira de rodas, etc. Centro envellecido, que precisa dunha fonda actuación rehabilitadora e que ademáis padece a falla de persoal, ao non cubrir a Xunta as baixas de persoal. Esa penosa situación a padecen 50 persoas, entre 6 e 21 anos. Non son mobles, non deixan de ter dereitos e dignidade por sufriren doenzas psíquicas e físicas. A situación dos servizos é desoladora e merecente da depuración inmediata de responsabilidades.

Nenas e nenos que teñen que dispor dun entorno coidado e adaptado ao máximo e dunha atención preferente atópanse pechados nunhas instalacións cheas de deficiencias.

O desleixo combinado das consellarías de educación e benestar só se palía pola profesionalidade das traballadoras e traballadores do centro. O seu labor é antítese humana e profesional da despiadada e ineficaz xestión do goberno galego.

Polo referido, o grupo parlamentario da AGE presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta Galicia a executar, con carácter de urxencia, un plan integral de mellora do centro.
- O Parlamento Galego insta á Xunta Galicia a garantir a cobertura total das baixas que se produzan no persoal que traballa no centro.
- O Parlamento Galego insta á Xunta Galicia á depurar as responsabilidades políticas que se derivan do pésimo estado do centro.

En Compostela, a 2 de decembro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 02/12/2015 12:24:37

Eva Solla Fernández na data 02/12/2015 12:24:43

Jose Javier Ron Fernandez na data 02/12/2015 12:24:48

Ramón Vázquez Díaz na data 02/12/2015 12:24:52